




UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



A Resolución do 12 de novembro de 1998 polo que se acorda refundi-las **Normas de Xestión Académica da Universidade de Santiago de Compostela** (DOG do 14 de xaneiro de 1999) establece os prazos para a convocatoria dos Premios Extraordinarios entre o 15 e o 30 de novembro, prazo que non sufreo modificacións nos últimos anos o que facilita a información para os posibles candidatos ó ser unha convocatoria estable no tempo producindo unha maior estabilidade xurídica pois coñécense os prazos dun ano para outro.

Segundo o seu escrito do pasado 4 de febreiro de 1999, o centro que Vde. dirixe convocou o Premio Extraordinario aténdose á normativa vixente. A Lei 30/92 do 26 de novembro modificada pola Lei 4/1999 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establece no seu artigo 47 que os *“terminos e prazos establecidos nesta e noutras leises obrigan ás autoridades o persoal ó servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como ós interesados no mesmo”* O artigo 49 desta mesma que regula a ampliación de prazos, **prohíbe a súa ampliación cando esta se produza despois do vencemento do prazo do que se trate, é decir non pode ser ampliado un prazo xa vencido.** Por outra parte de terse matriculado algún candidato ó Premio extraordinario serían interesados que se verían afectados nos seus dereitos e intereses o que redunda na **imposibilidade de ampliación do prazo para a matrícula do Premio Extraordinario.**

Non obstante, e só no caso de que para algunha das Seccións non se tivese **presentado ningún candidato** o Rector poderái autoriza-la realización, de xeito excepcional, dunha nova convocatoria.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 1999

**O VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA
E TITULACIÓNS**




Celso Rodríguez Fernández

SR. DECANO DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA